

Aula 5 anos. Propostas para esta semana:

- Ver nun **calendario** o día da semana no que estamos, o número e o mes e debuxar nesa casilla o tempo que fai. Si tedes un termómetro de exterior podedes tamén apuntar a mesma hora todos os días a temperatura.

- Falar das nosas **emocións**, como nos atopamos, que é o mais duro deste confinamento, onde nos gustaría ir a pasear no tempo que agora vos permiten sair, etc.

- Facer unha **receita** de comida e cubrir unha ficha sinxela nun folio no que se recolla: ingredientes e cantidades, pasos para a preparación, tempo que nos levou facela e foto do resultado ou un debuxo. Podedes enviarme si vos apetece tanto a foto da receita como da comida.

- Facer **sombras** na parede cunha lanterna e as túas mans. Video con figuras de animais:

https://www.youtube.com/watch?v=CysUYEI7I34&feature=emb_title


- **Xogo: Que hai na bolsa??**. Trátase de buscar obxectos comúns que teñades pola casa e metelos nunha bolsa opaca para que non poidan descubrir a simple vista o que hai. O neno ou nena deberá meter a man, coller un obxecto cos ollos pechados e só a través do tacto adiviñar de que obxecto se trata.

- **Autonomía**: aprendo a dobrar calcetíns. Unha vez rematada esta tarefa podedes xogar un anaco con eles ao baloncesto. Collede un cubo ou papeleira, colocade unha marca para lanzar a unha distancia determinada e a xogar!!. Podedes ir dificultando o xogo se ides separando da marca de lanzar o cubo.

- Practicar o **alfabeto en lingua de signos**. Témolos na clase e xa o fixeron algunha vez, precisan axuda visual. Aprendemos a canción dos días da semana na aula, pedide que vola ensinen. Colgarei no blog un vídeo que tíñamos practicando, para que poidades velo e sirva de recordatorio si precisan axuda.



ALFABETO DACTILOLÓGICO ESPAÑOL



- **Ordenador e lectoescritura:** escribir nun documento de texto, tipo word, os nomes e apelidos das persoas que viven na casa. Podedes escribirllos nun papel como axuda, para que os nenos e nenas dediquen o esforzo a atopar as letras no teclado e manter a atención para non esquecer ningunha e seguir a orde correcta.

- **Coser:** aquí tedes unha idea para facer un león reutilizando un anaco de cartón. Si se vos ocorre outro deseño, deixade voar a vosa imaxinación!!



- **Xogamos ao hockey:** nun pasillo ou nunha habitación poñer distintos obstáculos (cartóns de leite ou calquera outra cousa) e facer un circuito. Os nenos e nenas deberán facer rodar unha pelota ou rolo de papel hixiénico empuxándoo cunha escoba a través dos obstáculos.

- **Experimento:** colguei nos enlaces un pdf con varias propostas para que poidades escoller o que mais vos guste en función das vosas preferencias ou os materiais dos que dispoñedes na casa.

- **Lóxica-matemática:** collemos distintos xoguetes ou obxectos que teñamos pola casa e podemos facer varias actividades: clasificación por cores, materiais, forma, tamaño. Ordenar por altura, volume ou lonxitude de maior a menor e viceversa. Para o de lonxitude, podemos por exemplo coller uns espaguetis e partilos obtendo distintas medidas e que faga unha fila ordenando de maior e menor e viceversa.

- **Inglés:**

* Repasamos os números: ONE, TWO, THREE, FOUR, FIVE, SIX, SEVEN, EIGHT, NINE, TEN. Ou ata onde chegedes!

<https://youtu.be/Aq4UAss33qA>

* Probamos cos animais...PETS: DOG, CAT, MOUSE, BIRD, FISH...LION .Tedes algún na casa? A xogar e cantar con eles!Tamén podes probar a facer sombras cos teus animais de xoguete e debuxalas .


<https://youtu.be/pWepfJ-8XUO>

<https://www.youtube.com/watch?v=IrOMc6Qilo>

- **Praxias:** realiza movementos coa tua cara e a lingua. Podes seguir os debuxos ou mirar estes exercicios cos minions: <https://www.youtube.com/watch?v=ngOZaYcMpQ0>



Mira a los lados
(lateralización de la lengua)



Barre la vereda
(lengua recorre el labio inferior)



Limpia el techo
(recorre el labio superior)



Limpia las cortinas
(recorre los dientes por fuera y por dentro)



Toco el timbre
(toco la nariz)



Se abre la puerta
(abro la boca)



Sale la señora charlatana
(saco la lengua)



m m m m m



f f f f f f f



ch ch ch



r r r r r r r r



r



r r r r r r r r

-**loga**: no enlace atoparedes distintos vídeos con exercicios de ioga e relaxación.

<https://smileandlearn.com/yoga-y-relajacion-para-ninos/>

- Visita virtual ao **museo Van Gogh**, de Amsterdam:

https://artsandculture.google.com/streetview/van-gogh-museum-groundfloor/2QHwyv_Y6gueAw?hl=en&sv_lng=4.881046786523673&sv_lat=52.35838412991535&sv_h=14.473453740273793&sv_p=-3.1764735927460492&sv_pid=MKMJk8yf0IEzHxPymORW_A&sv_z=1

- Acceso a espectáculos do **Circo do Sol**: <https://www.cirquedusoleil.com/es/cirqueconnect>

- **Bailamos un pouco de Rock con Pakolas**:

*Enlace dun vídeo de Paco, co que ademais de bailar seguro que vos rides un pouco

https://www.youtube.com/watch?v=UEk7F4y_Qas

* Enlace do seu album completo para bailar sen parar:

https://www.youtube.com/watch?v=7BWjpx-V8A&list=OLAK5uy_nTdKcW9YOOu6-Dmm4OKAQ3pStLJNjOQkk

Moito ánimo para tod@s, xa queda menos

Apertas, Laura